



FINALIDADE (TIPO DE ACTIVIDADE)

Cuestionario a pé de rúa a outras nenas e nenos.



DURACIÓN

50'



MATERIAIS

Ordenador con conexión a internet. Ligazón de vídeos propostos. Ficha anexa (modelo caderno de notas). Papel continuo. Rotuladores de cores. Bolígrafos/lapiseiro.



OBXECTIVO

Dar a opinión e investigar sobre o que pensan outras persoas sobre diferentes aspectos da educación, como inflúen as situacións de pobreza infantil e adolescente na igualdade de oportunidades educativas e propor melloras.



ANTES DA ACTIVIDADE

Visualizar cada un dos vídeos por parte do equipo educativo para ver cal se axusta máis ás características do grupo. Non pretenden ser vídeos nos que se entenda todo o que se expón, xa que se empregan palabras técnicas, senón xerar interese para poder falar sobre o tema e que sexa un punto de partida.

“Educación de calidad (ODS 4) Objetivos de desarrollo sostenible para niños” de Smile and Learn.

“Informe sobre Pobreza Educativa: Iluminando el Futuro” de Save the Children.

“ODS 4. Educación de calidad - Objetivos de Desarrollo Sostenible” de Tropofilms.

“El mejor arma contra la pobreza: la educación” de Unicef Español.

“EQUIPO DE INVESTIGACIÓN”

DESENVOLVEMENTO

1º. Sinálanse ó grupo algún/s vídeo/s relacionados coa infancia e a educación. Fálase sobre o que opina o grupo de que a falla de recursos educativos ou o acceso á educación condiciona a vida das nenas e nenos. Vanse apuntando as opinións nun papelógrafo.

2º. Entre todo o grupo lese o artigo 28 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito á educación.

→ Art. 28 da CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno á educación e, a fin de que poida exercer progresivamente en condicións de igualdade de oportunidades ese dereito”.

Ligazón á [versión adaptada da CDN](#) para nenas e nenos de 6 a 8 anos. ([versión pdf](#)).

3º. Convidase ó grupo a seguir a investigar sobre esta cuestión, ver que opinan outras nenas e nenos sobre se a pobreza prexudica á educación ou se a educación podería facer saír da pobreza.

Para isto proponse facer un pequeno cuestionario con 3 preguntas sobre o tema, que deben decidir entre todo o grupo.

Se non se lles ocorren preguntas, pódenselles dar. Algunhas ideas son:

- Ir ó colexio pode axudar a nenas e nenos a saír dunha situación de pobreza? Por que?
- Que pasaría se no colexio tódalas nenas e nenos tiveran as mesmas posibilidades coma o mesmo material, as mesmas clases de apoio, etc.?
- Que diferenzas credes que hai no colexio entre unha nena e un neno que estea en situación de pobreza e outra nena e neno que non?

6 A 8
ANOS



Educativo

“EQUIPO DE INVESTIGACIÓN”

DESARROLLO

4°. Unha vez feito o cuestionario fanse equipos e saen a preguntar a outras nenas e nenos que haxa na contorna. Dáse un tempo límite e os equipos van facer as preguntas ás persoas elixidas. As respostas anótanse no caderno de notas.

Nota: dependendo do lugar onde se esta a facer a actividade as persoas enquisadas poden ser nenas e nenos de outros equipos, nenas e nenos da zona, equipos educativos, familiares, persoas da rúa, etc.

5°. Cando acabe o tempo marcado, o grupo grande vólvese a reunir e póñense en común as respostas do cuestionario. Anótanse no papelógrafo do inicio da actividade, reagrupando as ideas parecidas en “nubes de opinión”.

6°. Finalmente ábrese unha choiva de ideas sobre propostas que se poderían dar para solucionar algunhas das cuestións que estean anotadas no papelógrafo para que haxa igualdade de oportunidades para tódalas nenas e nenos respecto á educación.

Un exemplo. Se unha das opinións que dá o grupo ó comezo é que as excursións custan moitos cartos e non todo o mundo pode ir e unha das respostas do cuestionario foi que as familias non teñen para o autocar das excursións...escríbese a proposto xunto a esta nube de opinión: que as excursións que se fagan sexan preto do colexio ou que os autocares os pague o colexio e as familias as entradas ou que as excursións as pague quen goberna.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Que viches/que sabes (observación)

- Que vistes no/s vídeo/s? Que é o que máis vos chamou a atención?
- Tódolos colexios teñen os mesmos recursos (materiais, actividades, profesorado, etc.)? Por que?

Que pensas (reflexión)

- Credes que tódalas nenas e nenos teñen as mesmas cousas nos colexios no noso país? Por que credes que pasa iso?
- Pensades que as nenas e nenos que están en situación de pobreza poden estudar igual que outras nenas e nenos? Como?

Que propós (propostas)

- Que se debería facer para conseguir que tódalas nenas e nenos teñan as mesmas oportunidades no colexio, teñan os cartos que teñan?
- Como se podería conseguir que as nenas e nenos que máis o necesitan tiveran os mesmos materiais escolares?

SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

- Pódese motivar dándolle connotacións de “equipo de investigación”, coma se fosen periodistas.
- Pódese ver algún vídeo sobre que é a pobreza se se ve axeitado para o mellor entendemento do grupo; coma o de Smile and Learn sobre o [Objetivo de Desenvolvemento Sustentable \(ODS\) N°4 Pobreza Cero](#).

LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

6 A 8
ANOS



Educativo

6 A 8
ANOS



Educativo

ANEXO 1

Ficha anexa
(modelo
caderno de
notas)

